**CONVOCATORIA DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PARA A ANUALIDADE 2025 (CÓDIGO PROCEDEMENTO MT975U)**

| | |
|---|---|
| **Período subvencionable** | 1/03/2020 ata o 30/11/ 2025 ambos incluídos |
| **Data xustificación final do proxecto** | 30 de novembro de 2025 |
| **Procedemento** | Concorrencia competitiva |
| **Beneficiarios** | Entidades locais municipais e supramunicipais e agrupacións de entidades locais de Galicia. |
| **Solicitudes** | Individual ou conxuntamente por máis dunha entidade local, ben sexa por medio de entidades de carácter supramunicipal que pola súa vez teñen a consideración de entidade local, ben baixo a modalidade de agrupación de entidades locais. |
| **Financiamento máximo** | 90% do custo total do proxecto. A porcentaxe restante, será asumida polo beneficiario/a. |
| **Código de procedemento** | MT975U. |
| **Prazo de presentación** | Un (1) mes contado desde o día seguinte ao da publicación no DOG |
| **Publicación resolución** | Diario Oficial de Galicia (DOG). Páxina web: https://sirga.xunta.gal/ |
| **Información e consultas** | Correo electrónico a fondos-mrr@xunta.gal.<br>Dúbidas na fase de solicitude: 981 54 17 34 |
| **Liñas subvencionables** | **Liña 1:** Melloras nos puntos limpos fixos existentes.<br>**Liña 2:** Instalación de puntos limpos de proximidade.<br>**Liña 3:** Adquisición de Puntos limpos móbiles.<br>**Liña 4:** Construción e mellora de instalacións de preparación para a reutilización e/ou autorreparación (RAEE, Téxtiles, etc). |
| **Conceptos subvencionables** | **Liña 1:**<br>• Construción (incluíndo a adecuación do terreo).<br>• Cubertas para a zona de almacenamento de residuos.<br>• Impermeabilización e recollida de derramamentos.<br>• Compra de contedores e gaiolas<br>• Básculas para pesada de entradas e saídas de residuos.<br>• Ferramentas informáticas (incluído software).<br>• Instalacións destinadas á preparación para a reutilización. |

| | |
|---|---|
| | • Elementos de información (carteis, paneis ou sinalización).<br>• Sistemas de control de acceso, peches de zona de almacenamento, sistemas de videovixilancia, alarmas, etc.<br>• Formación para o persoal do punto limpo en materia de preparación para a reutilización.<br>• Servizos complementarios á execución da obra: redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde.<br>**Liña 2:**<br>• Adquisición de puntos limpos de proximidade.<br>• Adquisición de ferramentas informáticas (incluído software).<br>• Os elementos de información: carteis, paneis ou sinalización (máximo 1.000€).<br>**Liña 3:**<br>• Adquisición de puntos limpos móbiles: Contedor/caixa metálica; Remolque e contedor metálico; Camión con caixa e chasis; Furgoneta adaptada; Outros modelos do mercado.<br>• Adquisición de equipamentos complementarios (ganchos, guindastres etc.).<br>• Adquisición de básculas para pesada dos residuos recollidos.<br>• Adquisición de ferramentas informáticas (incluído software).<br>• Adquisición de elementos de información: carteis, paneis ou sinalización (máximo 1.000€).<br>• Formación para o persoal en materia de preparación para a reutilización.<br>**Liña 4:**<br>• Construción da instalación.<br>• Compra de contedores e gaiolas.<br>• Maquinaria e ferramentas.<br>• Formación para o persoal.<br>• Campaña de comunicación.<br>• Ferramentas informáticas (incluído software).<br>• Servizos complementarios á execución da obra: redacción de proxecto, dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde. |
| **Requisitos xerais** | • Incorporar elementos de compra pública verde ou ecolóxica.<br>• Xustificación de estar autorizado (ou ter presentada a solicitude) como xestor de residuos perigosos e/ou non perigosos se fose necesaria, na fase de solicitude (liña 1, 3 e 4 (so PxR))<br>• Na fase de xustificación final, a instalación debe contar coa autorización pertinente para levar a cabo a actividade sempre que sexa necesario:<br>o Liña 1: Autorización de modificación de autorización dun punto limpo<br>o Liña 3: Inscrición transportista residuos perigosos e non perigosos<br>o Liña 4 (PxR) : Autorización de xestor de valorización de residuos |
| **Requisitos** | **Liña 1:** |

| | |
|---|---|
| **específicos** | • Non serán financiables os proxectos que non se atopen no momento da solicitude, autorizados ou en trámite de autorizar.<br>• Non serán financiables gastos nos edificios para traballadores, oficinas e maquinaria.<br>**Liña 2:**<br>• Acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixa autorizada ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.<br>**Liña 3:**<br>• Acreditar o destino dos residuos recollidos, ben a través dun acordo cunha instalación de punto limpo fixa autorizada ou ben directamente a través de acordos con xestores de residuos autorizados.<br>• Todos os vehículos adquiridos deberán ser eléctricos ou de biogás de orixe vexetal.<br>**Liña 4:**<br>• Proxecto no que se inclúan os tipos de residuos que prepararán para a reutilización, os tratamentos de cada un deses residuos, así como as condicións de venda, que incluirán a correspondente garantía postventa e a súa declaración como produto novo. |
| **Contía máxima das axudas** | **Liña 1.** Importe máximo **150.000€.** No caso de solicitudes conxuntas 10.000€ máis por cada entidade a maiores da solicitante, ata un máximo de 200.000€.<br>**Liña 2.** Importe máximo **15.000€**. No caso de solicitudes conxuntas 10.000€ máis por cada entidade a maiores da solicitante, ata un máximo de 35.000€.<br>**Liña 3.** Importe máximo **90.000€.** No caso de solicitudes conxuntas 10.000€ máis por cada entidade a maiores da solicitante, ata un máximo de 120.000€.<br>**Liña 4.** Importe máximo **150.000€.** No caso de solicitudes conxuntas 10.000€ máis por cada entidade a maiores da solicitante, ata un máximo de 200.000€. |